



Nota de prensa

Avance cara a unha loxística sostible

EROSKI ACADA A SÚA PRIMEIRA ESTRELA LEAN&GREEN POR REDUCIR AS SÚAS EMISIÓNS DE CO₂

- **O obxectivo da plataforma europea LEAN & GREEN é xerar unha rede de compañías líderes no campo da loxística sostible para reducir as súas emisións de CO₂ en polo menos o 20% en 5 anos**
- **EROSKI superou nun 5% o obxectivo marcado do 20% e, ademais, fíxoo adiantándose 1 ano ao prazo comprometido**
- **EROSKI comprométese a mellorar o seu impacto no contorno a través da mellora nos procesos, instalacións e produtos dende a sustentabilidade económica, social e ambiental**

Elorrio, 9 de febreiro do 2021.- A [Asociación de Fabricantes e Distribuidores \(AECOC\)](#) concedeulle a [EROSKI](#) a súa primeira estrela [LEAN&GREEN](#) por superar o obxectivo de reducir un 20% das súas emisións de CO₂ nos procesos de loxística e transporte. EROSKI non só mellorou a redución prevista ao alcanzar o 25%, senón que ademais fíxoo en só 4 anos, fronte aos 5 anos de prazo establecido no plan de acción premiado por Lean&Green no 2018.

EROSKI, a carón doutras 18 empresas do sector do consumo, lidera LEAN & GREEN, a maior plataforma europea de colaboración especialmente dirixida a reducir as emisións asociadas á cadea de subministración. Trátase dunha iniciativa internacional e interprofesional que, amais de axudar as empresas a reduciren as súas emisións de gases de efecto invernadoiro, ten como obxectivo axudalas a aspirar a un obxectivo cuantificable, colaborar con outras empresas a nivel nacional e europeo, compartir boas prácticas e mais ser un referente de sustentabilidade cun sistema de seguimento transparente e trazable.

A iniciativa atópase aliñada cos obxectivos definidos no Acordo de París para alcanzar as emisións neutras en carbono no 2050. A estrutura do programa LEAN&GREEN consiste en 5 niveis de traballo, con obxectivos cuantificables de redución de emisións de carbono. Así que se alcanzan os obxectivos de cada nivel, prémíase as empresas con estrelas.

"A loxística tamén pode e debe contribuír a robustecer e a actualizar os nosos procedementos de traballo e control nos que o medio natural estea presente para

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



cumprirmos os nosos Compromisos en Saúde e Sustentabilidade", sinalou o director de operacións de EROSKI, Alberto Madariaga. "A iniciativa Lean & Green encaixa á perfección co obxectivo xeral da organización de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro. Reducir máis dun 20% as emisións loxísticas nestes últimos anos facilitáanos acadar o obxectivo global do 25% para o 2025".

Loxística máis eficiente: como se está logrando?

"Só nos últimos catro anos, EROSKI deu reducido máis dun 25% as emisións nas súas actividades loxísticas, o que supón evitar máis de 25.800 toneladas de emisións equivalentes de CO2 grazas a despreñar distintas accións dentro do seu novo modelo de transporte centrado nos eixes da eficiencia e a sustentabilidade", explica Madariaga.

Puxéronse en marcha varias accións encamiñadas a acadar os obxectivos marcados. *"Incorporáronse novos vehículos (vehículos de gas, citytráilers, megacamións, renovacións de frota...) e atopámonos inmersos en novos procedementos de traballo para mellorarmos a eficiencia, incrementos das encheduras e redución das viaxes en baleiro", aclara o director de Operacións de EROSKI.*

Plataformas máis sostibles

"A nosa eficiencia enerxética nos procesos loxísticos tamén pasa pola propia configuración das plataformas: apostamos por unha construción sostible e por equipos máis eficientes enerxeticamente e con menor impacto ambiental, como a iluminación LED, detectores de presenza, robots de temperaturas, uso de gases refrixerantes non contaminantes e aproveitamento da luz natural para mellorar a eficiencia enerxética das plataformas. Ademais, temos como obxectivo a compra de enerxía verde, que actualmente xa realizamos no 20% das nosas plataformas. Por outra banda, contamos cun modelo de xestión de residuos baseado nos principios da economía circular", sostén Alberto Madariaga.

EROSKI, fiel ao seu compromiso co desperdicio cero, traballa para minimizar os residuos xerados e reutilizar, reciclar ou valorizar aqueles inevitables. Por iso, reutiliza máis de 46 millóns de envases loxísticos ao ano nas súas plataformas e garante o reciclado dos residuos xerados nas súas tendas a través de loxística inversa e xestores autorizados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)